

INSTALACIÓN AULA VIRTUAL

Ciencias Naturais 2º de Ed. Primaria

[Curso](#) [Axustes](#) [Participantes](#) [Cualificacións](#) [Informes](#) [Máis ▼](#)

Presentación 1. Como medramos! 2. Coidamos a nosa saúde 3. Montamos un horto escolar
4. Xogamos cos animais 5. Somos científicas e científicos 6. Inventamos máquinas
[Caixa das marabillas](#)



Autores:

María Sánchez Seco
Norberto Blanco Dorrío

Recurso elaborado polo [equipo de creación](#) deste curso nunha licenza de formación concedida pola Consellería de Educación. Ciencia, Universidades e Formación Profesional no curso 2024/2025.

INDICE

1. Introducción.....	3
2. Instalación do curso na aula virtual	3
3. Matriculación no curso	6
4. Axustes do formato e tema	7

1. Introducción

Este documento proporciona unha guía paso a paso para restaurar a copia de seguridade do curso na aula virtual do teu centro, garantindo unha instalación sinxela e efectiva.

Que atoparás neste manual?

- Instrucións detalladas para cargar e restaurar a copia de seguridade do curso.
- Consellos para revisar e personalizar o curso unha vez instalado.
- Orientacións para resolver posibles problemas durante o proceso de instalación.


Seguindo esta guía, poderás configurar o curso de forma rápida e eficiente, asegurándote de que todo o contido e as actividades orixinais queden listos para o seu uso. Se precisas asistencia adicional, lembra que sempre podes contactar coa persoa responsable TIC do teu centro..

2. Instalación do curso na aula virtual


A instalación nas aulas virtuais dos centros educativos é un proceso sinxelo. A continuación, detallamos os pasos a seguir:

Antes de iniciar, é necesario contactar co administrador da aula virtual do centro e pedirlle que cree un curso para aloxar o recurso. O administrador deberá matricularnos no curso e outorgarnos permisos de "creador de cursos". Ademais, tamén terá que rexistrar aos alumnos na plataforma, de xeito que podamos matricularlos no curso nós mesmos.

1. Descargar no noso equipo a copia de seguranza do curso. Dende o repositorio Abalar. Trátase dun arquivo .zip
2. Entrar na aula virtual onde queremos restaurar a copia.
3. Na lapela de "Máis", imos á opción de "Reutilizar curso".




4. Ábrese unha xanela con varias opcións. Prememos en "Restaurar".



5. Ábrese unha xanela cos cartafoles do noso equipo e seleccionamos a copia de seguridade do curso.
A continuación prememos "Cargar este ficheiro". Cando xa está cargado Prememos en "Restaurar".



6. Na seguinte xanela prememos en "continuar"



7. Ao acceder á lapela de destino, as opcións dispoñibles dependerán dos permisos que teñamos na plataforma. Podemos optar por restaurar o recurso

como un novo curso, indicando a categoría na que desexamos situalo (por exemplo, 2º de primaria), ou tamén podemos escoller restauralo nun curso xa existente. Esta última opción sería a que aplicaríamos no caso de que o administrador xa creara o curso..

Restaurar como curso novo

Restaurar como curso novo ☒

Seleccione unha categoría

Nome	Descrición
☐ Educación Infantil	

[Escoller como restaurar](#)

Restaurar neste curso

Fusionar a copia de seguridade do curso con este curso ☒

Eliminar o contido do curso actual e após restaurar ☐

Restaurar nun curso existente

Fusionar a copia de seguridade do curso co curso existente ☒

Eliminar o contido do curso existente e após restaurar ☐

8. Na seguinte pantalla prememos en "Seguiente"

☐ Incluir campos personalizados

Incluír contido do banco de contido ☒

☒ Incluir os ficheiros de cursos antigos

[Prememos en "Siguiete"](#)

9. Se o desexamos, podémoslle cambiar o nome ao curso (tamén o poddemos facer unha vez rematado o proceso).

Restaurar

1. Confirmar ► 2. Destino ► 3. Axustes ► **4. Esquema** ► 5. Revisar ► 6. Proceso ► 7. Completa

Axustes do curso

Nome do curso

Nome abreviado do curso

Data de inicio do curso

[Podemos cambiar os axustes](#)


10. Volvemos a premer en "Seguiente"

[Prememos en seguinte](#)

11. Por último, "Executamos o proceso de restauración.



12. Se todo foi ben, apareceranos a seguinte mensaxe en cor verde:



E veremos o noso curso xa instalado:



3. Matriculación no curso

Antes de comezar a utilizar o curso na aula co noso alumnado, é fundamental matricular aos estudantes na plataforma para garantir que poidan acceder ao curso e que as actividades que realicen se queden almacenadas correctamente. A matriculación é un paso imprescindible para que o sistema recoñeza a cada alumno/a e poida realizar un seguimento das súas accións, como a entrega de tarefas, a participación en foros ou a realización de cuestionarios.

Existen varias formas de matricular aos alumnos/as nun curso de Moodle, dependendo dos permisos e configuración do sistema. Como profesorado, podemos realizar a matriculación de forma manual, buscando e seleccionando aos alumnos que deben integrarse no curso, ou ben utilizar a opción de matriculación masiva se a plataforma o permite.

Unha vez matriculados, cada alumno/a terá acceso ao contido do curso e poderá interactuar coas actividades e recursos dispoñibles, o que permitirá que o profesorado realice un seguimento preciso do seu progreso e participación. Ademais, ao estar matriculados correctamente, as notas e os resultados das actividades quedarán vinculados ás contas de cada estudante, permitindo a súa avaliación de forma eficaz.

É importante comprobar que todos os alumnos están correctamente matriculados antes de comezar a impartir o curso, para evitar posibles problemas de acceso ou de seguimento das súas actividades ao longo do proceso de aprendizaxe.


4. Axustes do formato e tema

O curso de Ciencias Naturais de 2º de Educación Primaria está deseñado empregando o formato específico de "temas en pestanas" dispoñible en Moodle. Este formato permite unha organización clara e visual dos contidos, facilitando o acceso ás distintas seccións do curso. Para garantir a correcta visualización dos recursos, é fundamental que o formato do curso se manteña configurado de acordo co deseño orixinal.

Pasos para configurar o formato do curso:


1. Accede á configuración do curso

- Inicia sesión na túa conta de Moodle.
- Entra no curso de Ciencias Naturais.
- Na parte superior dereita da pantalla, preme o botón Editar axustes (ou busca esta opción no menú de engrenaxe, dependendo do tema do teu Moodle).




2. Selecciona o formato do curso

- Unha vez dentro da configuración, localiza a sección chamada Formato do curso.




- No menú despregable, escolle a opción "Temas en pestanas".



3. Garda os cambios

- Desprázate ata a parte inferior da páxina.
- Preme o botón "Gardar e presentar" e volta ao curso para aplicar a nova configuración.



Notas importantes:

- O formato "temas en pestanas" permite agrupar os contidos en diferentes pestanas, o que mellora a organización e navegabilidade do curso.
- Este axuste é esencial para evitar problemas de visualización ou dificultade de acceso aos recursos interactivos e actividades.

En caso de dúbidas, consulta co administrador da aula virtual ou co equipo técnico do teu centro.